



A ESCOLA DO FARO

Martes, 2 de decembro de 2008 • Número: 181

Xogando co patrimonio

A Asociación Ponte... Nas Ondas promoveu unha xornada escolar de xogos tradicionais

Redacción
VIGO

A Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte... Nas Ondas, ven de convocar e celebrar a segunda edición da Xornada Escolar de Xogos Tradicionais Galego-Portugueses.

Seguindo a dinámica de dar a coñecer o noso Patrimonio Tradicional Común a galegos e portugueses así como transmitirlo aos alumnos e alumnas no marco escolar, a Asociación Ponte... nas ondas! organizou unha reunión lúdica e non competitiva no marco dun día de convivencia entre rapaces e rapazas de escolas galegas e do Norte de Portugal, na serie de actividades que se están a desenvolver para dinamizar e relanzar o patrimonio inmaterial galego-portugués.

O venres día 15 de novembro, nenos e nenas de varias escolas galegas e portuguesas reuníronse no Colexio Público Infante Felipe de Salvaterra de Miño para realizar unha xornada de lecer e transmisión de xogos tradicionais. Moitos destes xogos están a quedar en desuso e é necesario recordar e transmitir ás novas xeración como se xogaba e tamén todo o seu saber asociado.

Xogos e vivencias

Durante a mañá, os alumnos das dúas beiras do río Miño compartiron xogos e vivencias comúns para coñecer os xogos aos que xogaban os seus pais e avós e que por mor das circunstancias da vida moderna están caendo en desuso.

Así, organizáronse nas instalacións do colexio de Salvaterra xogos de birlos, chave, rá, truco, bolas (berlinde), chapas (caricas), chave, zancos (andolas), aros e elástico, entre outros.

As actividades festivas remataron cunha masiva tirada simultánea de peóns.



Grupos de alumnos participaron nos xogos tradicionais organizados por Ponte... Nas Ondas no colexio público de Salvaterra do Miño.



Escolares galegos e portugueses xogando á liga elástica.

DENTRO

A biblioteca Gonzalo Moure

O colexio público Emilia Pardo Bazán de Vigo deu o nome do escritor e xornalista galego Gonzalo Moure a súa nova biblioteca escolar.

Páxina 3

Divulgación científica para estudantes

A Fundación Innovapyme achega a Innovación, a Investigación e o Desenvolvemento aos alumnos de ESO e Bacharelato.

Páxinas 4 e 5



Os Príncipes de Asturias posan cos nenos que traballan no proxecto de educación en valores de Aldeas Infantiles S.O.S. de España.



JUANJO MARTÍN / EFE

Educación en valores

Un alumno do colexio Nuestra Señora de los Remedios de Santiago expón aos Príncipes a súa visión da infancia

Redacción
VIGO

Un neno galego de 12 anos expuxo aos Príncipes de Asturias, Don Felipe e Dona Letizia, a súa visión do progreso da infancia e a educación en representación de todos os alumnos de Galicia que están a desenvolver o programa educativo "Os Valores dende Aldeas Infantís SOS".

Borja Pérez, do colexio Nuestra Señora de los Remedios de Santiago de Compostela, foi seleccionado de entre

19.800 alumnos que participan en Galicia no programa para asistir á audiencia co Príncipe Felipe, xunto a 18 nenos, de entre 8 e 11 anos, procedentes do resto de comunidades autónomas, que presentaron as súas propostas sobre o progreso, que elaboraron nas súas clases.

Aldeas Infantís SOS é unha organización internacional de axuda á infancia que ten como obxectivo ofrecer aos nenos que lles son confiados un ámbito familiar, un fogar estable e unha formación sólida. Tra-

balla en 132 países e territorios atendendo a máis de 300.000 nenos e mozos necesitados, segundo informou nun comunicado a organización. Este programa educativo cumpre a súa decimoprimeira edición e aborda valores como "ilusión", "colaboración" e "Progreso".

Cada un dos nenos expuxo aos Príncipes o seu desexo de progresar con ilusión e colaboración, valores que este curso escolar están traballando nas aulas máis de 400.000 escolares de toda España.



JUANJO MARTÍN / EFE

A VISITA

O colexio Santiago Apóstol de Buenos Aires

Redacción
VIGO

A conselleira de Educación, Laura Sánchez Piñón, visitou en Buenos Aires o Colexio Santiago Apóstol, onde inaugurou o quinto andar do edificio, que albergará o curso 2009 o quinto curso de secundaria, de xeito que con esta actuación se completa a ensinanza obrigatoria no centro. A conselleira destacou que "un proxecto educativo como este fai nos ver o valor das culturas e a importancia de que non se perda a lingua e os costumes dun pobo": "Nada mellor que o sis-

tema educativo, os alumnos, para transmitir a identidade cultural dun país", subliñou. Sánchez Piñón tivo ocasión de asinar no Libro de Ouro deste centro e de visitar a aula de informática, unha aula de quinto grao e o comedor do colexio, onde intercambiou experiencias cos alumnos en lingua galega. O colexio conta este curso cun total de 470 alumnos/as. O centro é unha obra da Xunta e do Centro Galicia de Buenos Aires -a través da Fundación Galicia-América- que ten o propósito de desenvolver un proxecto educativo bicultural arxentino-galego en todos os niveis.



C. EDUCACIÓN

Gonzalo Moure da nome á biblioteca do colexio Chouzo

Homenaxe do centro escolar ao escritor pola súa traxectoria

Redacción
VIGO

O Colexio Público Emilia Pardo Bazán de Vigo, coñecido popularmente como O Chouzo, celebrou unha homenaxe ao escritor Gonzalo Moure. O centro escolar doulle o nome do literato e xornalista a súa sala de animación á lectura.

Gonzalo Moure Trenor, fillo de galego, pois o seu pai era de Vigo (nado en O Carballiño), nace en Valencia en 1951. Xornalista e escritor de literatura infantil e xuvenil foi galardoado cos premios máis importantes do xénero (Barco de Vapor, Gran Angular, Ala Delta, Jaén, Ámbito e Lista de honor del IBBY). Actualmente vive en Asturias e viaxa polo menos unha vez ao ano aos campamentos de refuxiados do Sahara.

As súas obras caracterízanse pola atención aos problemas sociais ("Maíto Panduro" é a historia dun neno xitano que ao ser analfabeto comunícase co seu pai, encarcerado, mediante imaxes); o reflexo dos problemas do pobo saharauí ("Los gigantes de la luna" e "Palabras de caramelo"), e un exquisito manexo da sensibilidade, tanto dos narradores coma dos protagonistas ("El síndrome de Mozart"), con frecuencia no marco dun conflito suave entre pais e fillos adolescentes.

As novelas de Moure caracterízanse pola presenza de elementos reais e máxicos e temas de carácter ecoloxista e humanitario, tratados de ma-



CARLOS PEREIRA

O escritor Gonzalo Moure (2º pola dereita), posa no recinto da biblioteca escolar do colexio O Chouzo.



Gonzalo Moure, na porta e dentro da sala de animación á lectura que leva o seu nome no colexio vigués.



CARLOS PEREIRA



KALANDRAKA

Dous contacontos no colexio público A Lomba de Vilagarcía.

Cantar e contar en Vilagarcía

Redacción
VIGO

Rematou en Vilagarcía a campaña de fomento da lingua galega "Cantar e contar: ler na nosa lingua", organizada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística e a editorial Kalandraka. Nesta actividade participaron uns 1.300 escolares, de entre 4 e 11 anos, que asistiron a contacontos e a obradoiros de escritura creativa. Tamén asistiron docentes que puideron coñecer as claves educativas das sesións, a partir de contos tradicionais e grandes obras da literatura universal.



KALANDRAKA

Música para amenizar a lectura de contos en Vilagarcía.



Ti participas

nera profunda, pero o mesmo tempo cun tono atractivo para os xoves. Nas súas novelas, abundan os plantexamentos ecoloxistas colocando os valores do home sempre no centro da trama. Os seus libros destacan polo seu compromiso social co pobo saharauí, os dereitos da infancia, a igualdade entre razas e o medio ambiente. Pola súa obra, que figura na lista de honra da IBBY, foi galardoado co Premio Barco de Vapor 1995, Premio Ala Delta 2001, Premio Gran Angular 2003 e Premio Anaya 2006.

Moure agradeceu a toda a comunidade educativa do CEIP Emilia Pardo Bazán, na persoa do seu director Miguel Ángel Carrasco, a homenaxe feita por darlle o seu nome á biblioteca do colexio.



Ti participas

Redacción
VIGO

A Fundación Innovapyme Galicia presentou o Programa Innoescena, un proxecto de divulgación científica dirixido a estudantes da ESO e Bacharelato cuxo obxectivo é transmitir o coñecemento e comprensión de conceptos clave no entorno empresarial actual, como a investigación, o desenvolvemento e a innovación.

O Programa Innoescena, que se encadra nas actividades da Semana da Ciencia de Galicia 2008, está composta por unha obra de teatro e por diversas visitas teatralizadas aos centros tecnolóxicos Aimen, Anfaco-Cecopesca e CTAG. En total participaron máis de 700 alumnos de entre 14 e 17 anos, todos eles estudantes de ESO e Bacharelato. Colaborou a Consellería de Innovación e Industria, que a través da convocatoria de axudas Diverciencia concedeu unha subvención de 40.000 euros para a súa organización.

Na presentación de Innoescena participaron Xulia Guntín Araújo, subdirectora xeral de Xestión do Plan Galego de I+D+i da Consellería de Innovación e Industria; José Manuel Fernández Alvariño, presidente da Fundación Innovapyme Galicia e da Confederación de Empresarios de Pontevedra (CEP); Fernando Vázquez, presidente de Aimen; Carlos Ruíz, adxunto á Dirección Xeral de Anfaco-Cecopesca, e Carlos Palleiro, director do Instituto de Desenvolvemento de Caixanova.

Innoescena pretende transmitir de forma clara e obxectiva os conceptos do tridente I+D+i, a través do acceso aos centros tecnolóxicos e ofrecendo "unha visión lúdica e sorprendente dos contornos tecnolóxicos fora do ámbito académico". Ademais, "cumpre un dos seus principais cometidos da Fundación Innovapyme: a difusión do coñecemento en torno á cultura de innovación para aqueles que forman o tecido empresarial galego e que chegarán a formar parte do mesmo".

Visitas teatralizadas

Ademais da obra teatral (ver páxina seguinte), leváronse a cabo visitas programadas aos centros tecnolóxicos por excelencia en Galicia, CTAG, Anfaco-Cecopesca e Aimen, que contaron coa particularidade de que foron en clave interactiva, polo que os alum-

Divulgación científica

Máis de setecentos estudantes da ESO e Bacharelato achéganse ao Plan galego de I+D+i (Investigación+Desenvolvemento+Innovación)



Alumnos participantes no programa Innoescena durante a súa visita ao centro de Aimen.



Un grupo de alumnos e profesores durante o seu recorrido polas instalacións de Anfaco-Cecopesca de Vigo.

nos poideron coñecer de forma máis directa a actividade de I+D+i que se realiza en cada un destes centros.

En Anfaco-Cecopesca, os alumnos visitaron o Área de Bioloxía Molecular e Biotecnoloxía, o Laboratorio de Toxinas, o Laboratorio de Envases e Embalaxes e o área de Medio Ambiente e Valorización de Produtos do Mar.

Pola súa parte, en Aimen a visita realizouse pola planta de Tecnoloxías de Unión e o Centro de Aplicacións Láser, onde foron testemuñas de como se desenvolven tecnoloxías de unión: MIG con Robot ABB, Soldadura por Resistencia e Fricción, e tecnoloxías láser: soldadura con láser CO₂, o corte de plásticos con equipo Votan C ou o marcado láser

con cabezal escáner.

No CTAG, poideron coñecer o Laboratorio de Dummies, Laboratorios de Ensaio, a Sala de Control do Simulador e a Catapulta Inversa, onde se proxectaron vídeos de simulacións da catapulta.

A Fundación Innovapyme Galicia foi fundada en novembro de 2006 pola Dirección Xeral de I+D+i da Xunta, Caixanova, a Confederación de Empresarios de Pontevedra (CEP), CTAG, Aimen, Anfaco-Cecopesca, AEMPE (Asociación de Empresarios da Mediana e Pequena Empresa de Pontevedra), Eganet (Asociación de Empresas Galegas Adicadas a Internet) e ASEINPO (Asociación de Empresarios de Servizos e Medios informáticos de Pontevedra).



Os estudantes reciben información na sede do CTAG.



MUNDINOVA

Imaxes da obra de teatro da Fundación Innovapyme no Auditorio do Centro Cultural Caixanova de Vigo. Abaixo os personaxes da obra teatral: Investigación García, Maikel Desenvolvemento Schumaker e Fermín Novación

Teatro científico

Representación teatral do programa Innoescena para achega a ciencia aos alumnos de ESO e Bacharelato

Redacción
VIGO

Máis de 450 alumnos de ESO e Bacharelato de Vigo e a súa área metropolitana asistiron ao Centro Cultural Caixanova para presenciar a representación teatral do Programa Innoescena. A obra de teatro está protagonizada por tres personaxes que explican dun xeito divertido aos alumnos en que consiste I+D+i.

Investigación García, Maikel Desenvolvemento Schumaker e Fermín Novación foron os encargados de ensinar aos estudantes, de entre 14 e 17 anos, en que consiste a Investigación (I), o Desenvolvemento (D) e a innovación (i).

Os colexios asistentes á obra de teatro foron Nuestra Señora de Lourdes, Nuestra Señora de la Esperanza, o Colexio Vigo, o Colexio Apóstol de Ponteareas, San Blas de Vista Alegre, Colexio Montecastelo e o Colexio San Fernando.

A entrada musical, cunha "tonada pegadiza" para os alumnos, fixo alusión ao tridente I+D+i. A "I" foi representada por Investigación García, unha investigadora moi perspicaz e intelixente que, antes de enfrontarse a calqueira situación, valora todas as posibilidades que a provocaron. Dela presentouse un vídeo no que os seus coñecidos falaban sobre a súa peculiar curiosidade: súa capacidade para atopar respostas aos diversos problemas.

O seguinte invitado foi Mai-

kel Desenvolvemento Schumaker, un técnico que explicou a través dun vídeo, cómo realiza melloras nos coches engadindo elementos que orixinalmente non veñen de fábrica. Na entrevista, que se fixo no seu taller de proxectos, Maikel demostrou por qué é considerado un dos mellores desenvolvedores do mundo. Nesa dinámica de realizar melloras e engadir elementos para modificar proxectos, Maikel convertiuse no improvisado presentador da obra.

Finalmente, Fermín Nova-

ción, un cocineiro de recoñecido prestixio internacional que rexistrou unha gran cantidade de patentes, entre as que destaca o seu máis recente invento: o "croquetón", foi quen complementou o trío de personalidades. No seu vídeo mostrou o imperio de restauración que formou gracias ás diversas innovacións que realiza.

Ao final, eles mesmos déronse conta de que, aínda que con características distintas, son complementarios e unindo as súas cualidades poderían formar a I+D+i.



MUNDINOVA



Axenda

Rutas científicas

Redacción
VIGO

As instalacións do Instituto Galego de Formación en Acuicultura (Igafa), na Illa de Arousa, recibiron a visita de preto dun cento de estudantes de Bacharelato, acompañados por 10 mestres, no marco do Programa Rutas Científicas que leva a cabo o Ministerio de Educación.

Os rapaces, procedentes de diferentes comunidades autónomas entre as que se atopan Andalucía e Castela e León, achegáronse ata o centro da Consellería de Pesca. Alí puideron coñecer de primeira man a oferta formativa do Igafa e visitaron tanto as instalacións de terra como as de auga, incluíndose entre as primeiras a planta de cultivo e as súas diferentes seccións, a nova sala de acuarioloxía que comezou a funcionar este curso e os laboratorios. Ademais, viron a baía e a gaiola de engorde de peixes das que dispón a escola, xa no eido acuático.

Peixes

Entre as cousas que máis chamaron a atención dos escolares atópanse os tanques nos que se poden ver as distintas fases de crecemento dos peixes (dende o estado larvario ata un tamaño que pode chegar aos dous quilogramos ou incluso superalos) e a nova sala de acuarioloxía, onde o alumnado do Igafa complementa a súa formación sobre o ámbito dos acuarios. Así mesmo, interesáronse moito polas bolsas de fitoplancto, dada a súa variedade de cores, e polos alevíns de lumbri-gante que posteriormente son liberados nas nosas costas.

O Instituto Galego de Formación en Acuicultura, dependente da Consellería de Pesca e inaugurado no ano 1992, é o único centro da nosa comunidade autónoma que imparte formación profesional de grao medio e superior de acuicultura e mergullo.




LIBROS

Estratexias de Educación Ambiental

VARIOS AUTORES

Editado por Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular.

Este libro aborda á educación ambiental como un elemento estratégico da acción local, tanto en Galicia como no Norte de Portugal. Outros dos capítulos tratan sobre os instrumentos de avaliación comúns nas redes municipais europeas, e sobre o movemento asociativo ecoloxista e a educación ambiental, cunha panorámica da situación nas dúas zonas.



A Guerra Civil española na narrativa...

VARIOS AUTORES

Edicións Xerais e Fundación Caixa Galicia

Os membros da "Red temática de Investigación sobre Literatura Infantil y Juvenil del Marco Ibérico (LIJMI)", reúnen neste volumen un conxunto de estudos destinados fundamentalmente aos mediadores, que pretenden aprofundar na tema da Guerra Civil e a súa presenza na narrativa infantil e xuvenil. Inclúe tamén una selección de obras narrativas.



¿Por qué me cuesta tanto aprender?

ANNA SANS FITO

Colección Guías Familia & Salud. Editado por Hospital Sant Joan de Déu y Editorial Edebé.

A doctora Anna Sans aborda neste libro os trastornos da aprendizaxe: nenos e mozos que a pesar de ter un nivel de intelixencia normal ou superior ao resto da poboación, non logran bós resultados académicos. A autora proporciona pautas concretas para detectar, diagnosticar e tratar a nenos e mozos con dislexia, con déficit de atención ou con trastornos de aprendizaxe verbal.



Escuelas para la esperanza

TERRY WRIGLEY

Colección Manuales de Pedagogía. Editorial Morata.

Este libro é unha rigurosa crítica do movemento da eficacia e da excelencia escolar. Baseándose en investigacións sobre o currículo, a aprendizaxe, a intelixencia, a vida en comunidade, a equidade e a inclusión, ofrece novas perspectivas e propostas para o desenvolvemento de institucións escolares democráticas e esperanzadoras. O autor é profesor da universidade escocesa de Edimburgo.



VISITA ESCOLAR



CARLOS CORTÉS

COLEXIO PÚBLICO DE MONTEMOGOS, BELUSO ■



Ti participas

Unha imaxe do concerto celebrado nas instalacións do Museo de Arte Contemporánea de Vigo que puxo remate á campaña "Contos en Cantos" celebrada en Vigo.

Redacción
VIGO

A Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta e a editorial infantil OOO puxeron en marcha un proxecto conxunto: "Contos en Cantos". Esta campaña está a recorrer Galicia co obxectivo de ampliar o repertorio de cancións en galego dirixidas aos máis pequenos.

Ao longo dunha semana fomentouse o uso da lingua galega entre os máis pequenos combinando contos, cantos, karaokes, vídeos e diversos obradoiros lúdicos-didácticos. O remate das actividades foi cun concerto no Museo MARCO de Vigo ao que estiveron convidados os nenos e nenas, pais e docentes. Tódolos rapaces que asistiron recibiron de agasallo o libro CD-DVD de Contos en Cantos: para que os nenos continúen nas súas casas, cos amigos e familia, enfiando e cantando, dun xeito natural e divertido, estes contos, tendo como compañeira de viaxe: a nosa lingua.

Os libros ilustrados de OOO Editora como "Chocolata", "Mariluz Avestruz", "Loboferoz", "Titiretesa" ou "O Papón" foron reconvertidos en cancións por Almudena Janeiro,



Os nenos vigueses disfrutaron dos concertos e dos contos que lles cantou Almudena, acompañada dos músicos Cris, Jacobo e Pedro.

quen os interpretou, acompañada de Cris Macías (teclado, baixo, acordeón, percusión e coros); Pedro Díaz: (guitarra, teclado e coros); e Jacobo Jiménez (guitarra, baixo e coros).

Por outra banda, durante cinco días, a Biblioteca Pública Central acolleu unha exposición aberta ao público infantil, 'Imaxinoqos', e obradoiros, diferenciados en dous tramos



de idades: de 5 a 7 anos e de 8 a 10. A exposición permitiu amosar aos nenos e nenas os álbums nos que están baseadas as cancións de Contos en cantos. Ademais de tocar,

abrir e ler os libros, tiveron a posibilidade de incrementar o xogo imaxinativo que ofrecen os contos con figuras tridimensionais que fan referencia aos personaxes.



Eco-Escola



Descenso de las poblaciones de animales

Redacción / Efe
VIGO

Las poblaciones de especies animales descendieron casi un 30 por ciento en los últimos 35 años (1970-2005), mientras que entre 1970 y 2003 lo hicieron un 25 por ciento, "una situación lo suficientemente alarmante", según denunció el "Informe Planeta Vivo 2008" de WWF/Adena. Por zonas se registra un IPV "Templado" (el IPV es una medida que utiliza las poblaciones de especies animales como indicador del estado de la naturaleza) con un aumento del 6% entre 1970 y 2005, mientras que el IPV "Tropical" disminuyó un 51%. Además, el "Terrestre" desciende un 33%, el de "Agua Dulce", un 35%, y el "Marino", un 14%. Por otro lado, el IPV de bosques tropicales cayó un 62%, el de Tierras áridas, un 44%, y el de Praderas ha disminuido un 36%. Igualmente, el IPV de Aves decreció un 20%, y el mamíferos un 19%.

Pérdidas dramáticas

"Estas pérdidas dramáticas de la salud natural del planeta están siendo provocadas por la deforestación y transformación de los usos del suelo en las zonas tropicales, el impacto de los embalses y trasvases de agua, el sobrepastoreo, la contaminación, la sobrepesca y la pesca destructiva", señala el estudio. También, indica que los impactos del cambio climático son "significativos", con temperaturas más cálidas del mar, reducción de precipitaciones y caudales que afectan a muchas especies.

Explica que la huella global del hombre excede la capacidad de regeneración de la Tierra en un 30%. "Si nuestras demandas sobre el planeta continúan a este ritmo, a mediados de la década del 2030 necesitaremos el equivalente a dos planetas para mantener el estilo de vida actual", añade.



Un monitor explica a niños y padres los paneles informativos sobre el Sistema Solar instalados en los Xardíns Bispo Cesáreo de Ourense.

Caminando a escala por el Sistema Solar

Visitas escolares guiadas al aula abierta en unos jardines de Ourense

Redacción
VIGO

Más de mil escolares, procedentes de colegios de toda Galicia, y varios grupos de adultos, caminaron en Ourense entre las reproducciones a escala del tamaño y distancias de los planetas que integran el Sistema Solar y escucharon las explicaciones de varios monitores sobre los últimos descubrimientos científicos. El aula "Caminando por el Universo" fue organizada al aire libre por el colectivo Animación cuyo presidente, Gusi Domarco, explicó que incluyó la instalación de un gran Sol en los jardines "Bispo Cesáreo" y todos los planetas del Sistema Solar a distancia y tamaño a escala lo que supuso la colocación de 4 planetas en los mismos jardines y otros tres repartidos por la ciudad.

Este planetario fue recorrido por mil escolares, procedentes en su mayor parte de colegios de fuera de la provincia de Ourense. En las visitas guiadas, Domarco y otros monitores explicaron a los participantes la formación de los planetas, del arco iris, origen y muerte de las estrellas, agujeros negros, material y energía oscura y otros conceptos investigados por científicos de todo el mundo en los últimos diez años, acompañados con grandes lonas que mostraron imágenes cedidas por la Nasa para uso pedagógico.



Los diferentes paneles que conformaron la exposición y el aula "Caminando polo Universo".